



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2024/25 |
|-----------------------|--|--------------------|----------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Xestión e innovación das institucións socioeducativas | | Código | 652512214 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 4.5 | |
| Idioma | Galego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia, integrada na especialidade da acción socioeducativa, está orientada a identificar as claves da innovación, concebida como un proceso de mellora. Farase especial fincapé na dimensión ética e política da xestión, así como nas relacións de xénero e (des)igualdade nas organizacións.</p> <p>Partindo das culturas de traballo de diferentes ámbitos profesionais da Educación Social (protección e reeducación de menores, envellecemento e programas interxeracionais, servizos sociais e comunitarios, educación ambiental), propoñémonos recoñecer aqueles elementos asociados ás "boas prácticas", que incidan especialmente na promoción de redes comunitarias de aprendizaxe e innovación.</p> | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|--|
| A2 | Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais |
| A6 | Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade. |
| A8 | Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa. |
| A10 | Ser capaz de impulsar e desenvolver estratexias que impulsen a cultura de traballo en rede. |
| A11 | Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais. |
| B2 | Capacidade de resolución de problemas |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión |
| B7 | Capacidade para elaborar e defender un discurso ante diferentes audiencias |
| B12 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B13 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B14 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B15 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B16 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo. |



| | |
|----|---|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C6 | Capacidade de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclua reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos, valorando criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información disponible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|-------------------------------------|----------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Identificar as claves dos procesos de innovación nas institucións | | AP2 | BM2 CM4 |
| | | AP6 | BM5 CM6 |
| | | AP8 | BM7 CM7 |
| | | AP10 | BM12 CM8 |
| | | AP11 | BM13 |
| | | | BM14 |
| | | | BM15 |
| | | | BM16 |
| Recoñecer elementos asociados ás "boas prácticas" nos distintos ámbitos de xestión | | AP6 | BM2 CM4 |
| | | AP8 | BM5 CM6 |
| | | AP11 | BM7 CM7 |
| | | | BM12 CM8 |
| | | | BM13 |
| | | | BM14 |
| | | | BM15 |
| | | | BM16 |
| Coñecer procesos de funcionamento de redes comunitarias de aprendizaxe e innovación | | AP2 | BM2 CM4 |
| | | AP10 | BM5 CM6 |
| | | AP11 | BM7 CM7 |
| | | | BM12 CM8 |
| | | | BM13 |
| | | | BM14 |
| | | | BM15 |
| | | | BM16 |
| Integrar a racionalidade ética na acción social profesional | | AP2 | BM2 CM4 |
| | | AP6 | BM5 CM6 |
| | | AP10 | BM7 |
| | | | BM12 |
| | | | BM13 |
| | | | BM14 |
| | | | BM15 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Xestión participativa de organizacións inclusivas: dimensión ética | 1.1. Ética aplicada ao ámbito socioeducativo 1.2. Calidade ética das organizacións: tomar decisións prudentes e moralmente xustas |



| | |
|---------------------------------------|--|
| 2. Perspectiva de xénero e innovación | 2.1. O deseño da innovación como proceso de mellora. 2.2. Relacións de xénero e (des)igualdade nas organizacións. |
| 3. Dimensións e ámbitos de xestión | 3.1 Xestión e innovación en servizos sociais. 3.2. Xestión e innovación no eido do envellecemento e a solidariedade interxeneracional. 3.3. Xestión e innovación na educación ambiental. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | B5 B7 B13 B14 B16 C4 C6 C7 C8 | 0 | 30 | 30 |
| Discusión dirixida | A2 A10 B2 B5 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C4 C6 C7 C8 | 10 | 0 | 10 |
| Estudo de casos | A2 A3 A6 A8 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C4 C6 C7 C8 | 10 | 0 | 10 |
| Seminario | A2 A10 A11 B2 B5 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C4 C6 C7 C8 | 10 | 0 | 10 |
| Portafolios do alumno | A2 A6 A8 A10 A11 B2 B5 B7 B12 B13 B14 B15 C4 C6 C8 | 1.5 | 49 | 50.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Discusión dirixida | En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática. Favorecerase o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa. |
| Estudo de casos | Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias socioeducativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia. |
| Seminario | Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todas as persoas participantes no seminario. |
| Portafolios do alumno | Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado, debidamente apoiados en fontes bibliográficas. Inclúiranse aquelas prácticas indicadas polas docentes, referentes aos seminarios. Ademais das prácticas inclúiranse unha introdución ou contextualización da materia e un apartado de conclusións, no que reflexionar sobre as aprendizaxes desenvolvidas no conxunto da materia, procurando establecer sinerxías entre os contidos traballados. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|------------|
| Portafolios do alumno Discusión dirixida | |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---|--|---------------|
| Seminario | A2 A10 A11 B2 B5 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C4 C6 C7 C8 | Valorarase a participación nas sesións presenciais, especificamente no que se refire a: - Comprensión dos contidos abordados. - Apoio na documentación traballada. - Calidade das argumentacións (coherencia lóxica, capacidade explicativa...). - Creatividade das achegas. - Capacidade de establecer conexións coa experiencia (exemplificación). - Problematización e cuestionamento. - Claridade e corrección lingüística. | 30 |
| Portafolios do alumno | A2 A6 A8 A10 A11 B2 B5 B7 B12 B13 B14 B15 C4 C6 C8 | Implica un estudo amplo e profundo das cuestións clave abordadas na materia, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. Valoraranse as capacidades de razoamento (argumentación, sinerxías...), síntese, creatividade e orixinalidade, espírito crítico, precisión conceptual e calidade da redacción, empregando unha linguaxe propia do contexto disciplinar. | 70 |

Observacións avaliación

| |
|--|
| <p>Na segunda oportunidade avalíanse as mesmas tarefas que na primeira: seminario e cartafol.</p> <p>A</p> <p>cualificación do seminario non é recuperable para a segunda oportunidade de avaliación. Gardarase a nota acadada na primeira oportunidade, derivada da participación no proceso de desenvolvemento da materia.</p> |
|--|

Fontes de información



| | |
|---|--|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - CAMPS, Victoria (2010). El declive de la ciudadanía: la construcción de una ética pública. Boadilla del Monte (Madrid): PPC - CORTINA, Adela (1999). La empresa ante la crisis del estado de bienestar una perspectiva ética. Madrid: Miraguano - CORTINA, Adela (2001). Ética aplicada y democracia radical. Madrid: Tecnos - CORTINA, Adela (2015). Razón instrumental, razón moral. . Eidon, 43, 4-15. - DELANTY, Gerard (2006). Community Comunidad, educación ambiental y ciudadanía . Barcelona: Grao - DÍAZ-GIBSON, J. y CIVÍS, M (2011). Redes socioeducativas promotoras de Capital Social en la comunidad: un marco teórico de referencia. . Cultura y Educación, 23 (3), 415-429. - HONNETH, Axel (2014). El derecho de la libertad. Esbozo de una eticidad democrática.. Madrid: Katz - IDARETA, Francisco e BALLESTERO, Alberto (2013). Ética, paternalismo y burocracia en trabajo social.. Portularia, 13(1), 27-35. - MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Teresa; DÍAZ-VEIGA, Pura; RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Pilar; SANCHO CASTIELLO, Mayte (2015). Modelo de atención centrada en la persona. Cuadernos prácticos. Donostia: Departamento de Empleo y Políticas Sociales del Gobierno Vasco y Matia Fundazioa - MOGENSEN, Finn; MAYER, Michela; BREITING, Soren; VARGA, Attila (2009). Educacion para el desarrollo sostenible. Tendencias, divergencias y criterios de calidad. Barcelona: Grao - PELEGRI, Xavier (2013). Ética de las organizaciones de servicios sociales . Cuadernos de Trabajo Social, 26 (1), 139-148. - PULEO, Alicia (Ed.) (2008). El reto de la igualdad de género. Madrid: Biblioteca Nueva - SÁNCHEZ MARTÍNEZ, Mariano (Dir.) (2007). La evaluación de los programas intergeneracionales. Madrid: IMSERSO - SÁNCHEZ MARTÍNEZ, Mariano; KAPLAN, Matthew e SÁEZ CARRERAS, Juan (2010). Programas intergeneracionales. Guía introductoria. Madrid: IMSERSO - VÁZQUEZ RECIO, Rosa (2013). La dirección de Centros: Gestión, ética y política. Madrid: Morata - VILAR, Jesús (2013). Cuestiones éticas en la educación social: del compromiso político a la responsabilidad en la práctica profesional. Barcelona: UOC - Román, Begoña (2016). Ética de los servicios sociales. Barcelona: Herder Revistas Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa. Documentación Social. Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria. Revista Galega de Educación. ambientalMENTE sustentable. RES, Revista de Educación Social. Revista Enlace. Educational Gerontology Journal. |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <ul style="list-style-type: none"> - BERMEJO, Lourdes (Ed.) (2010). Envejecimiento activo y actividades socioeducativas con personas mayores: Guía de buenas prácticas . Madrid: Médica Panamericana - CAUSAPIÉ LOPESINO, Purificación (Coord.) (2011). Libro Blanco del Envejecimiento Activo. Madrid: IMSERSO - CORTINA, Adela (1994). Ética de la empresa. Madrid: Trotta - FANTOVA, Fernando (2005). Manual para la gestión de la intervención social. Madrid: Editorial CCS - FISCHER, Thomas (ed.) (2008). Intergenerational Learning in Europe. Policies, Programmes & Practical Guidance. University of Erlangen-Nuremberg - FERNÁNDEZ, Tomás e ARES, Antonio (coords.) (2002). Servicios sociales: dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza Editorial - HATTON-YEO, Alan (2007). Programas intergeneracionales, solidaridad intergeneracional y cohesión social. En Mariano Sánchez Martínez (Dir.) Programas intergeneracionales. Hacia una sociedad para todas las edades (p. 123-140). Barcelona: La Caixa - PASCUAL BARRIO, M. Belén e GOMILA GRAU, M. Antònia (2013). Treball comunitari intergeneracional: l'experiència de dos projectes socioeducatius intergeneracionals a Palma. Anuari de L'Envel·liment, Illes Balears 2013, pp. 84-102 |

Recomendacions

Materias que se recomienda ter cursado previamente



| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías